

Luisa Rubines, empresaria chantadina: «Se emprendes, non hai sitio para o derrotismo»

Ten un negocio de turismo activo aproveitando o potencial da Ribeira Sacra

RUBÉN NÓVOA

ourense / la voz 30 de octubre de 2013 05:00

«Emprender dende a tradición á tecnoloxía». Ese é o nome baixo o que se agacha unha iniciativa da Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia que hoxe se celebra na Confederación Empresarial de Ourense. Unha das ponencias correrá a cargo de Luisa Rubines, xerente de Quintasacra, que desenvolve na Ribeira Sacra lucense -no Concello de Taboada- un proxecto de turismo activo e visitas culturais con rutas á carta.

-¿Que oferta Quintasacra ao turista?

-Somos unha empresa de turismo exclusivo que ofrece rutas á carta, totalmente personalizada. É dicir, cunha embarcación pequena de 12 ou 14 prazas podemos acceder a rincóns virxes, onde non hai masificación. É unha viaxe á Galicia profunda. Bodegas, mosteiros con programas ao gusto do viaxeiro. Trátase dun turismo exclusivo cun paseo á carta polo Miño.

-¿Foi unha aposta arriscada?

-Quintasacra é moi consciente de que hai que innovar e atender as necesidades dos mercados externos. Temos que articular mecanismos precisos para darnos a coñecer nos mercados que presentan mellores oportunidades. A internacionalización é moi necesaria.

-¿Como se embarcou neste proxecto na Ribeira Sacra?

-Eu funme desta ribeira do río coñecendo a xente que a sufriu moito e que se ocupou pouco de disfrutala. Tiven que recorrer medio mundo para descubrir todo o marabilloso que había na Ribeira Sacra. Este paisaxe e esa enerxía tan especial que ten. Eu vivín no estranxeiro nas beiras do río Ganges e o Támesis, e un día decidín volver ao Miño, a través do camiño de Santiago. Non foi ata que viaxei e puíden comparar cando tomei a decisión de volver. Era un regreso consciente e coa intención de descubrir o río para o mundo.

-Hoxe participa nun encontro con mozos emprendedores, ¿que consellos trasladará?

-Non lles vou falar de nada que sexa negativo, pero si lles direi que hai que ser moi prudentes, sobre todo no caso da financiación. A miña conclusión é que aquí non hai sitio para o pesimismo nin o derrotismo. Necesitamos recuperar a ilusión e a confianza que fundamenta calquera éxito. Hai que estar decididos a superar as dificultades. No caso da ribeira do Miño temos unha obriga con elo; sempre desde a innovación pero respectando as tradicións.

luisa rubines xerente do proxecto quintasacra